

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026388	IES Plurilingüe Fontexería	Muros	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	27

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na Educación Primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A lingua e os seus falantes	Nesta unidade, analizaremos as linguas do mundo como fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceremos as familias lingüísticas e traballaremos para combater os prexuízos lingüísticos, achegando o alumnado aos conceptos de lingua minoritaria e minorizada. Ademais, o coñecemento e a identificación de fenómenos dialectais (seseo, gheada...) característicos da contorna do centro será o punto de partida para desterrar posibles prexuízos do alumnado e reflexionar sobre a riqueza lingüística da lingua galega. A maiores, trataranse contidos relacionados cos países de lingua portuguesa e nocións lingüísticas básicas. A lectura dalgúns fragmentos literarios en portugués servirá para coñecer algunhas autoras e autores do ámbito lusófono e para exemplificar os contidos estudados (sistema ortográfico, expresións básicas da vida cotiá...).	10	5	X		
2	A comunicación (I): comprensión oral e escrita	Con esta unidade buscarase perfeccionar as estratexias comprensivas do alumnado, tanto no referido a mensaxes escritas coma orais. Basearémonos na comprensión de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, expositivos e dialogados.	15	15	X	X	X
3	A comunicación (II): expresión oral e escrita	Esta unidade complementase coa anterior: as dúas supoñen unha ferramenta indispensable para dotar o alumnado das	15	15	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A comunicación (II): expresión oral e escrita	<p>estratexias para que poida comunicarse na sociedade . Non abonda con que comprenda mensaxes: cómpre que saiba construír con corrección e adecuación distintos tipos de textos, adecuados a contextos precisos e a finalidades diversas.</p> <p>O coñecemento dos elementos que interveñen en calquera proceso comunicativo será o punto de partida para presentar unha das secuencias textuais máis básicas, a dialogada, da man da narración. Así mesmo, a análise e produción deste tipo de textos facilitará a abordaxe doutro aspecto: as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita. A continuación, centrarémonos nas secuencias textuais descritivas, seguindo coa abordaxe das secuencias textuais expositivas. Aproveitarase o estudo deste tipo de textos para afondar no emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma e dous puntos). Por último, desenvolveremos os textos da vida cotiá.</p>	15	15	X	X	X
4	Unha reflexión sobre a lingua	<p>Esta unidade será transversal ao longo do curso.</p> <p>O punto de partida serán o son (sistema vocálico e consonántico) e o sistema de escritura (grafemas, dígrafos, regras de acentuación básicas e acentuación diacrítica). Atenderase aos procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...). Por outra banda, a reflexión lingüística xirará tamén arredor da incorporación de procedementos que contribúan a enriquecer os textos (precisión léxica, corrección gramatical...) e emendar erros a través de distintos recursos. Un punto indispensable nesta unidade será a palabra, a súa forma (mudanzas gramaticais a través de distintos procedementos de formación de palabras) e o seu significado (coñecemento e identificación das categorías gramaticais...). A detección e corrección de castellanismos léxicos frecuentes en textos do ámbito persoal, social e académico tamén será un dos contidos salientables que se tratarán na unidade.</p>	30	35	X	X	X
5	A literatura	Esta unidade abordará o concepto e a	20	30	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A literatura	<p>función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación.</p> <p>Ademais, dedicaremos esta unidade ao estudo das principais características dos xéneros narrativo, lírico (1º e 2º trimestre) e dramático (3º trimestre) mediante a lectura guiada de obras ou fragmentos significativos.</p>	20	30	X	X	X
6	Unha experiencia lectora	<p>Esta unidade está destinada á lectura autónoma do alumnado de textos variados da literatura xuvenil que inclúa obras de autores/as e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. Por tanto, distribuimos as lecturas do seguinte xeito:</p> <p>-1º trimestre: Maceiras, Andrea: «Volverás, golfiño».</p> <p>-2º trimestre: Reimúndez, María: «Corredora».</p> <p>-3º trimestre: P. Docampo, Xabier: «O Pazo Baleiro».</p> <p>As lecturas voluntarias que se propoñen son as seguintes:</p> <p>-1º trimestre: P. Docampo, Xabier: «Cando petan na porta pola noite».</p> <p>-2º trimestre: Reimúndez, María: «Usha».</p> <p>-3º trimestre: Costas, Leticia: «Unha estrela no vento».</p>	10	5	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A lingua e os seus falantes	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	100
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica algúns trazos dialectais da súa área lingüística (seseo, gheada...) e valora estes fenómenos como mostra da riqueza do galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.

UD	Título da UD	Duración
2	A comunicación (I): comprensión oral e escrita	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).	PE	50
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta correctamente o sentido global dun texto, extraendo a información máis relevante.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica o grao de formalidade dun texto, distingue o propósito comunicativo e interpreta as súas intencións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado coñece exemplos concretos, denuncia e rexeita usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e abusos a través da palabra.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora procedementos básicos para enriquecer os seus textos, atendendo a aspectos lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral breve sobre algún tema concreto.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente e seguindo as pautas da cortesía lingüística en actividades como debates, tertulias etc.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un traballo de investigación ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).	TI	50
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado é consciente dos riscos da Rede e as recomendacións que se deben seguir para evitalos.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os seus textos coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
3	A comunicación (II): expresión oral e escrita	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais (estrutura, tipos...).	PE	55
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos e multimodais sinxelos.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica o grao de formalidade dun texto, distingue o propósito comunicativo e interpreta as súas intencións.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar e desterrar algúns usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora os procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo especialmente a aspectos lingüísticos e de estilo (emprego de sinónimos, hiperónimos...), con precisión léxica e corrección gramatical.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha narración ou exposición oral sinxela sobre algún dos temas do currículo con corrección e adecuación.	TI	45
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situación orais formais. Escoita activamente e fai uso das estratexias básicas de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un traballo ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información básica de maneira guiada procedente de diferentes fontes de información, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, coa guía do profesorado, revisa e corrixe os textos propios a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
4	Unha reflexión sobre a lingua	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Saber aplicar correctamente as regras de acentuación; recoñecer e aplicar algúns procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, ...); utiliza o léxico preciso e enriquece o vocabulario dos seus traballos; sabe redactar correctamente oracións simples.	PE	45
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de explicar a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado, logo de contrastar con axuda do profesorado varias versións dunha noticia, redacta a súa propia versión, en grupos, respectando os principios de propiedade intelectual.	TI	55
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos. en soporte analóxico e dixital.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado localiza en textos narrativos e descritivos, distintos tipos de palabras e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
5	A literatura	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos e multimodais.	PE	80
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identificar e valorar os xéneros literarios, así como localizar os principais recursos expresivos empregados.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as principais características dos xéneros literarios.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literatura (o amor, a vida, a morte etc.) e sabe identificalos na obra de lectura obrigatoria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado ten vontade e interese por ler obras, a partir da preselección dada polo profesorado, que están preto dos seus gustos lectores.	TI	20
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado elabora un traballo a partir da lectura dalgunha obra ou fragmento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
6	Unha experiencia lectora	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos e multimodais.	PE	65

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Recoñecer o xénero literario das obras lidas e identificar as súas características propias.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literatura (o amor, a vida, a morte etc.) e sabe identificalos nas obras de lectura.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido das obras de lectura, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Ler unha obra trimestral como lectura voluntaria (preselección feita polo profesorado).	TI	35
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos sober algún tema que teña que ver cos fragmentos ou obras lidas no trimestre.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se imparten, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asinificativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso lle corresponde á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Alén do expresado anteriormente sobre os aspectos metodolóxicos, cómpre salientar que as liñas de actuación versarán sobre:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do entendemento.
- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.
- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.
- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas

(espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza e, asemade, a incorporación de contidos literarios, están as dramatizacións e representacións teatrais e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas.

- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.

- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentarase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar lecturas desde unha perspectiva de xénero.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Edixgal. Libro dixital: Netex Smart 1º ESO.
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións.
Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Xerais. Vigo
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia
Gran Diccionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Xerais. Vigo
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Novo Folgueira, Paulino (1999). Diccionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais de Galicia

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...

- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.

- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade.

Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

Alén dos materiais citados tamén se recomentan outros recursos en formato dixital:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Mediante a proba de avaliación inicial identificaranse as dificultades do alumnado e as súas necesidades de atención educativa. Para iso, teranse en conta os seguintes parámetros:

- Velocidade, entoación e corrección na lectura.
- Comprensión lectora.
- Grao de desenvolvemento da expresión oral e escrita.
- Competencia ortográfica e léxica.
- Coñecementos gramaticais (tipos de palabras, caracterización e construción sintáctica).
- Coñecemento e redacción de diferentes tipos de textos, axustados á súa finalidade, estrutura e propiedades.
- Grao de autonomía na busca de información e expresión de contidos novos.
- Presentación de escritos: estruturación, lexibilidade, corrección, marxes, limpeza.
- Grao de interese, constancia e actitude crítica na actividade diaria.

Realizarase unha proba na que aparecerán cuestións que permitan observar os aspectos anteriores. Constará de tarefas referidas a: lectura, vocabulario, comprensión, ortografía, gramática, distinción e produción de textos, resumo ou esquema e algunha cuestión de literatura.

Por medio desta avaliación e da información proporcionada polos informes individualizados do curso anterior, poderanse detectar as aprendizaxes non adquiridas e concretar as medidas de reforzo necesarias en cada caso, para o que se terá en conta a situación persoal de cada alumno/a (hábito de traballo, habilidade no emprego de recursos informáticos, acceso a internet, situación familiar, etc.).

O alumnado que demostre dificultades na materia recibirá medidas específicas se a xunta de avaliación inicial, atendendo ao consello do Departamento de Orientación, o estima oportuno. Estas medidas (reforzo na aula, asistencia a un programa de reforzo con atribución horaria, ACI) fixaranse desde o Departamento de Lingua Castelá consensuada co Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	30	20	10	100
Proba escrita	100	50	55	45	80	65	62
Táboa de indicadores	0	50	45	55	20	35	38

Criterios de cualificación:

Para obter a cualificación de cada trimestre, ponderaranse os resultados das probas escritas e das táboas de indicadores segundo a porcentaxe establecida para cada unidade didáctica. Na cualificación de cada trimestre a realización destas probas valorarase cun 70% da nota. Un 20% corresponde ao traballo da casa (5%), de clase (5%) e o caderno (10%). O 10% restante valorarase cunha proba sobre o libro de lectura trimestral. En todos os traballos escritos teranse en conta as incorreccións de tipo ortográfico, podendo descontar na nota até 1 punto.

A cualificación positiva do trimestre esixirá alcanzar un 5 na suma destas porcentaxes.

As lecturas optativas non substitúen en ningún caso ás obrigatorias a efectos de avaliación. A demostración da lectura reflexiva destes libros, propostos polo profesorado en cada curso, poderá posuír un valor máximo dun punto cada trimestre, unha vez obtido o aprobado. En todo caso, o/a profesor/a asignaralle a cualificación que considere oportuna en función da dificultade da obra e da calidade e do traballo, sen rebasar o tope sinalado.

No caso de que un alumno ou unha alumna non puidese realizar algunha das actividades avaliadas do primeiro ou do segundo trimestre, a súa nota calcularase provisionalmente tendo en conta as probas realizadas e o traballo efectuado. En canto o/a alumno/a se reincorpore á actividade lectiva, realizará aquelas actividades que quedaran pendentes.

Calquera proba de avaliación poderá considerarse suspensa -e en tal caso corresponderalle a cualificación de 0 puntos sobre 10- se existe constancia de que o/a alumno/a copiou, permitiu que outros/as copiaran do seu traballo, "apuntou" a un compañeiro ou participou en calquera actividade ou estratexia orientada a mellorar os resultados académicos, seus ou doutros, por medio de procedementos deshonestos.

Os traballos entregados fóra de prazo, ilexibles ou presentados indebidamente poderán ser rexeitados.

Os exames, traballos, exercicios, intervencións, exposicións orais, etc., realizaranse obrigatoriamente en lingua galega. Empregar outro código lingüístico supón a invalidación da proba ou actividade en cuestión.

Todas as actividades realizadas na aula son obrigatorias e ponderables.

Segundo a Orde do 27 de decembro de 2022 na que se recolle a organización de final do curso 2022/23, os criterios sobre a avaliación final quedan establecidos da seguinte maneira:

A nota final da asignatura será a media aritmética das tres avaliacións parciais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos.

Por outra parte, se un alumno/a non superou a materia realizará, no período fixado pola Dirección do centro, a recuperación mediante unha proba escrita sobre aqueles contidos non superados.

Criterios de recuperación:

O/a profesor/a informará ao alumnado que suspendera unha avaliación acerca daqueles aspectos nos que o seu rendemento foi insuficiente, e orientarao respecto aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación mínimos e sobre as actividades que debe levar a cabo para alcanzalos.

Como se sinalou con anterioridade, no caso de non ter superada a materia despois da 3ª avaliación, esta poderá recuperarse no período fixado pola Dirección do centro, por medio dunha proba escrita sobre aqueles contidos non superados.

De non ter superado algunha das lecturas do curso, realizará, da mesma maneira, unha proba na que deberá demostrar a lectura comprensiva do libro.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno e alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa. Realizarase un seguimento individualizado do alumnado repetidor co obxectivo de que supere as súas dificultades.
- Traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuirase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- Resolución de problemas e conflitos en colaboración e toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- Gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.
- Atenderase nunha hora ao alumnado de reforzo e apoio, exentos do estudo da 2ª lingua estranxeira, debido ás súas dificultades de aprendizaxe en materias instrumentais.
- Colaboración coa profesora de PT para o traballo na aula co alumnado que teña máis dificultades.
- Elaboración das ACIs oportunas segundo criterios do Departamento de Orientación e despois da avaliación inicial do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X		X	X
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		X	X			
ET.3 - Educación cívica e en valores	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - Formación estética		X	X			
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes		X	X	X	X	X
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde		X	X			

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita cultural: casa de Rosalía de Castro	As visitas culturais permiten enriquecer os contidos académicos. En cooperación co Departamento de Lingua Castelá.			
En colaboración coa Biblioteca, celebración de diferentes conmemoracións	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar tarefas interdisciplinares de búsqueda de información sobre persoeiros de diversos ámbitos de coñecemento.			
Visionado de películas	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase, por exemplo. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as destrezas de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (capacidades conversacionais, tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos/as participantes			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
21. As probas de avaliación foron corrixiadas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.

24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
- O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
- Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
- Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
- En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
- Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
- Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
- Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
- Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
- Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
- Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos inclúiranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso.

9. Outros apartados